

El Progreso

Galiciae

Os escritores premian a defensa do galego nos medios informativos

Etiquetas: premios y distinciones, Lugo, Pontevedra, Xosé María Álvarez Cáccamo, escritores, literatura

Galiciaé (Santiago de Compostela). A [Asociación de Escritores en Lingua Galega \(AELG\)](#) recoñecerá co Premio AELG 2015 'Institucións' o labor do [Colexio de Xornalistas de Galicia](#) e da [Asociación de Medios en Galego](#) en defensa do uso do galego nos medios de comunicación nun momento de especial "dificultade" para este idioma. Estas distincións serán entregadas nun acto que se celebrará na cidade de Lugo o 9 de maio.

A entidade, que actualmente preside Cesáreo Sánchez, celebrou este sábado a súa asemblea xeral, na que se abordaron varias das próximas actividades.

Así, acordouse conceder os premios Os Bos e Xenerosos 2015 a Tereixa Navaza, Gustavo Luca de Tena, Manuel Lombao, Margarida Ledo e Xosé María García Palmeiro, como representantes, xustificou Sánchez, dunha "xeración que tivo un papel fundador no que pode ser o xornalismo de hoxe en Galicia".

A distinción de Escritor na súa Terra-Letra E (de escritor) será este ano para Xosé María Alvarez Cáccamo. Será o vixésimo primeiro distinguido pola entidade con esta homenaxe que cada ano recoñece a un autor pola súa calidade. O autor vigués sucede ao [lucense Xabier P. Docampo](#).

O escritor Luís Ruffato será nomeado Escritor Galego Universal 2015 e a AELG recoñecerá como Mestres dá Memoria a Josefa Arias e o [brincheiro da Fonsagrada Emilio do Pando](#), aos que Cesáreo Sánchez definiu como "dous grandes narradores orais", segundo informa Europa Press.

Outras actividades que levarán a cabo serán o Congreso de Escritores, na súa sexta edición, que terá lugar en Pontevedra. En Lugo levarán a cabo as oitavas Xornadas de Literatura de Tradición Oral.

14/02/2015